

María Reimóndez

O totalitarisme do "o"

Oh! Oh! E o! Como sería ese proceso? Preguntamos. Ninguén contesta excepto polas razóns dos gramáticos, ese legado semella que de (o!) Deus? Non hai maneira de comprendelo así en abstracto. Os motivos son moito máis amplos. E o caso é que foi. O "o" ascendeu ao poder (por ser cazador e pensar que era máis importante que ser recolector, polo abandono do vivir nomádico, por ter un apéndice externo... ah, tantos razonamentos potenciais). O "o" conseguiu. Mesmo se falamos de "abecedario", se aprendemos "a", "e", "i", "o", "u", o "o" saltou as ordes establecidas e chegou ao liderado. Os dicionarios réndenlle culto. Culto por ocultar. Por facer do "a" un tabú.

O ascenso do "o" moveuse por camiños misteriosos mais non inmutables. O caso é que o "o" pensou posuír a razón. Mais non puido. O "o" pensou posuír a cultura. Mais non puido. O "o" pensou posuír a intelixencia absoluta. Mais non puido. O "o" pensou posuír a natureza. Mais non puido. O "o" pensou posuír a política. Mais non puido. O "o" pensou posuír mesmo a vida. Mais non puido. Pola mera resistencia do A.

Este proceso tan longo e por fortuna en fase de cambio, este golpe de estado á lingua que tanto tempo durou, tivo terribles consecuencias sociais. O "o" adquiriu un protagonismo típico de todos os totalitarios. Así, "o" segue pensando que hai que renderlle pleitesía. Cando nunha clase cen mozas e dous mozos sentan nas cadeiras aínda o saúdo é "Boas tardes a todOs". O "o" segue pensando que pode limitar ao a en todos os sentidos, dicirlle onde poñerse, usurpar mesmo o seu lugar. Na clínica xinecolóxica oímos falar dOs pacientes. O "o" segue pensando que o "a" está aí para servilo. A maioría dOs traballadores que non ascenden por ocuparse dOs fillos son mulleres. O "o" cre saber aínda sempre mellor o que "a" quere, pensa e desexa, combinando isto dunha maneira abraiante coa percepción de que "a" é un enorme misterio. Coñézote como se te parise –dille un "o" a unha "a"–. O corpo redondo de "a" cre "o" que lle pertence. Nun dicionario pictórico no capítulo dedicado a "O home", aparece a imaxe do corpo espido dunha muller. Ademais, "o" decidiu ter asignadas certas tarefas de prestixio e deixarlle en exclusiva a "a" aquelas que ninguén quería. O corrector ortográfico non recoñece a palabra "lavandeiro".

Malia a todo, a teimuda "a" non cedeu. Cos feitos pertinaces da resistencia pacífica, coas dores pasadas de tantas, coas exclusións e o escarnio. A, cunha pértega, foi capaz de arrepoñerse a demasiados agravios. O soño de "a" non é un soño competitivo. Non é quitar o raposo para poñer a raposa. Non é unha competición. A soña por fin coa igualdade. Co seu dereito a ser visible. A facernos a todas visibles. Co seu dereito a ser neutral cando esteamos toda-os (no alumnado, nas persoas con discapacidade, nas traballadoras/es, nas mais e pais). Soña co seu dereito alfabético a aparecer nos dicionarios antes do "o" (xeitosa, adxectivo feminino singular). Soña con deixar de ser un tabú. Para comezar un novo texto que se titule "A visibilidade do "a" ou a igualdade para as persoas". Porque é esta unha xustiza que agardou demasiado tempo.